

ORDENANZA FISCAL NÚM. 204

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

ARTIGO 1º.

De conformidade co previsto nos artigos 86 e 87 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de ponderación e o coeficiente de situación do Imposto sobre actividades económicas aplicables neste municipio quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

ARTIGO 2º.

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto, aplicaranse, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación, determinados en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo:

Importe neto da cifra de negocios (€)	Coeficiente
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra de negocio	1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto na letra c) do parágrafo 1 do artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 3º.

Para os efectos previstos da aplicación do coeficiente de situación do artigo seguinte, as vías públicas clasifícanse en 5 categorías fiscais.

ARTIGO 4º.

Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 2º e segundo a categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécese o seguinte coeficiente de situación:

Coeficiente de situación aplicable	CATEGORÍA FISCAL VÍAS PÚBLICAS				
	1º	2º	3º	4º	5º
	1,72	1,47	1,21	1,10	0,98

ARTIGO 5º.

As oscilacións en máis ou en menos non superiores ó 20 por 100 dos elementos tributarios non alterarán a contía das cotas polas que estean tributando. Cando as oscilacións de referencia fosen superiores á porcentaxe indicada, estas terán a consideración de variacións para os efectos do disposto no punto segundo do artigo 90.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 6º.

Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación, disfrutarán dunha bonificación igual ó devandito incremento promedio, cun máximo dun 25%, sobre as cotas fixas municipais, sempre que o devandito incremento sexa como mínimo do 10%, a plantilla previa ó incremento sexa igual ou superior a seis traballadores.

Exclúense do disposto neste artigo aqueles traballadores cuxa contratación indefinida fora realizada en execución de sentenza xudicial.

De se volver a solicitar esta bonificación, o número de traballadores inicial non poderá ser inferior ó total, incluídos ós que deron dereito a bonificación, que posuía o suxeito pasivo para a bonificación anteriormente aplicada.

A documentación acreditativa será a seguinte:

- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa acreditativo dos extremos especificados, individualizado por meses.

A bonificación terá duración exclusivamente anual polo que debe ser solicitada para cada exercicio en que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro semestre. A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2010, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa³⁴.

³⁴ O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 28 de decembro de 2009, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2010 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 299 do 31/12/2009).